



ANUNCIO

Con data 2 de xuño de 2017 dítase resolución de Alcaldía do seguinte teor literal:

"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria Mesa de Contratación de contrato de servizo "Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui".

*Realizado en acto público o día 22 de maio do actual, apertura correspondente ao sobre nº1, documentación administrativa, do contrato de servizo "Elaboración de inventario de camiños e vías municipais do Concello de Tui" e rematado o prazo de presentación de documentación requirida a licitadores aos efectos de subsanación, para continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidentencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:***

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto **non público**, para o vindeiro **martes**, día **6 de xuño, ás 10,00 horas**, aos efectos de verificar documentación requirida de subsanación ao sobre nº 1 "documentación administrativa" e acordo da Mesa de empresas admitidas á licitación.

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público no **Salón de Sesións do concello**, para o vindeiro **martes**, día **6 de xuño, ás 10,30 horas**, aos efectos de apertura do **sobre nº 3 (criterios que dependen dun xuízo de valor)**.

TERCEIRO.- *Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante e dar traslado aos membros da Mesa de Contratación designados."*

O que se comunica aos efectos de publicación no Taboleiro de Edictos do concello e Perfil do Contratante da páxina web do concello.

*En Tui, o Alcalde-Presidente.
Documento asinado dixitalmente ao marxe.*